


M02. Muro de pedra existente con recebo por ambas as dúas caras

1-Descripción do cerramento.

Cerramento vertical, composto por muro existente de pedra de 65 cm de espesor, composto por dúas follas de cachotaría de granito recheas cunha mestura de barro e pedra miúda, con recebo exterior e interior con morteiro de cal con virutas de cortiza de 4 cm cada cara.

Definición dos materiais

- Capa 1: Recebo de morteiro de cal con viruta de cortiza de 4 cm de espesor.
- Capa 2: Folla existente de cachotaría de granito de espesor medio de 20 cm.
- Capa 3: Recheo existente de barro e pedra miúda de espesor medio de 25 cm.
- Capa 4: Folla existente de cachotaría de granito de espesor medio de 20 cm.
- Capa 5: Recebo de morteiro de cal con viruta de cortiza de 4 cm de espesor.



Características dos materiais empregados

| Capas | Espesor (m) | Conductividade térmica λ (W/m°C) | Resistencia térmica R (m°C/W) | Densidade ρ (kg/m ³) | Calor específica Ce (J/Kg°C) | Factor de resistencia ao vapor de auga μ | Peso (kg /m ²) | Espesor equivalente Sd (m) |
|--------------|-------------|--|-------------------------------|---------------------------------------|------------------------------|--|----------------------------|----------------------------|
| Capa 1 | 0,04 | 0,08 | 0,00 | 370,00 | 1.080,00 | 6,00 | 14,80 | 0,24 |
| Capa 2 | 0,20 | 2,80 | 0,00 | 2.600,00 | 1.000,00 | 10.000,00 | 520,00 | 2.000,00 |
| Capa 3 | 0,25 | 1,20 | 0,00 | 2.180,00 | 1.588,00 | 3.000,00 | 545,00 | 750,00 |
| Capa 4 | 0,20 | 2,80 | 0,00 | 2.600,00 | 1.000,00 | 10.000,00 | 520,00 | 2.000,00 |
| Capa 5 | 0,04 | 0,08 | 0,00 | 370,00 | 1.080,00 | 6,00 | 14,80 | 0,24 |
| TOTAL | 0,73 | | | 2.211,78 | | | 1.614,60 | 4.750,48 |

2. -Parámetros globais do cerramento

| | |
|--|------------------------------|
| Espesor: d | 0,73 m |
| Peso: P | 1614,60 kg |
| Coefficiente de transmisión térmica: U | 0,63 W/m ² °C |
| Desfase térmico: t | 18,49 h |
| Amortecemento térmico | 0,99 % |
| Espesor de aire equivalente: Sd | 4750,48 m |
| Capacidade de acumulación de calor | 1937,43 KJ/m ² °C |
| Illamento acústico: RA | 78,92 dBA |
| Demanda de enerxía | 247,87 MJ/m ² |
| Emisións de CO ₂ | 30,31 kg/m ² |

3-Prestacións, condicións de uso e recomendacións.

É resultado dunha situación común, dunha edificación existente con fábrica de pedra, á que para mellorar as condicións de confort enfoscábase con moteiro de cal e cortiza.

A pesar da mellora, non cumpre as condicións de confort necesarias para un espazo habitable, nin as condicións esixidas por o CTE. Non obstante pode servir para cerramentos de espazos non quecidos que serven como tampón doutros habitados.